Ga - Poll. 266 - 14

OS AFILLADOS DO DEMO.

CONTO

POR

EVARISTO MARTELO PAUMAN.

UNA PESETA.

CORUÑA: 1885
ESTABLECIMIENTO TIPOGRAFICO DE J. PUGA,
Calle Real número 30.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ga - Foll. 266 - 14

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO
00556720

R. 146.871

L.900
3

OS AFILLADOS DO DEMO.

CONTO

POR

EVARISTO MARTELO PAUMAN.

PRIMERA EDICION.

CORUÑA: 1885
ESTABLECIMIENTO TIPOGRAFICO DE J. PUGA,
Calle Real, número 30.

C. Cruces
Ga

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4

Es propiedad de su autor, y nadie
podrá reimprimirla sin su permiso.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Os afillados do demo.

Lénda muy certa da que fay fianza á seu amigo Don Eduardo Pondal, *poeta de Bergantiños, seu compañeiro é paisano*

Evaristo Martelo Paumau.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6

I

Ó descanso acabou, Pondál amigo,
Do sono despertemos;
Xa dentro non cabia canto digo;
Nin tanto á a paz debemos,
Que, si ó malo ten penas, ó que axuda,
E tapa, é cala, xa que non acuda,
Te-l-as debe tamén; non ó olvidemos.

Falla fay que se atalle ó torto rego
E, farto de calar, vou dar castigo
Co á miña pluma á tanto mal gallego.
Non quero xa tapar morriña alléa;
Do tempo, que perdin, oxe maldigo
E solo irei, si tí non ves conmigo.
De bichocos limpar á rosa quero;
Non c' ó aguillon que ten á doce abella
Basta á meu corazon, que trema fero;
Nos ollos á carraxe me alumea,
E á miña sede as aguas non chegaran
Que á afogalos á todos abondaran
De fato xuntos n' unha furna chéa.
¡Ver como poñen do Rey sábio á fala
Os que mintindo din á quen lles créa

10

Que erguéla queren, é pulila!! ¡Estala
Canto de noble ten gallego séo,
E co á sangre arroutada á lengua cala!

O Rey sábio é poeta ben sabia
Trovar do corazon á poesía;
Para as cordas mover do sentimento
Á dorida dozura, ó noble acento
¡Ou cántigas gallegas! vos pedia;
¡Lembranzas d' outros dias!
Os de vida dourada é fin sangrento
Rodriguez de Padron, noble Macías.....
Antigos bardos, que da paz ó sono
Xunt' ó Dólmen dormídes...,
Prestáme voz; ó ronco son do trono,
Brazo de ferro d' indomeable Alcides,
Do bon Xesús o látigo sagrado,
Do lóstrego á mirada
Para n' o polvo sepultar da nada
C'un rayo solo ó fato desleirado
Dos que queren mercar dentro do templo
Da santa pátria; de vilans exemplo;
Dos que á fala querida,
Onte gala dos ventos
Oxe trân arrastrada, mal ferida,
En farrapos sangrentos,
¡Pobre rosa entre lodo!
¡Entre os salvaxes pes das alimañas
Que á pisan sin entrañas...!

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mais non; honesto modo
Non he fidalgas armas
Ferir peitos menguados;
Para á guerra as espadas; co as visarmas
Mátanse os feros lobos, c' os forcados;
Os que nin teñen honra nin á viron
Non morrerân á ferro, que os honrara
Que á morte é un premio d'os que ben viviron;
Outras armas abondan; compren cordas
Que lles azouten con carraxe á cara.

II

Vouche á contar un conto, meu querido,
Que, aunque lle chamo conto, héche muy certo;
Atende ben desperto,
Que vas á rir con él; é merecido:
Non che direi lugar, tampóuco tempo,
Que é cousa mala señalar co ó dedo,
Tirando por un fio
Ben se endereita da madeixa ó enredo,
E seguindo, seguindo po-l-ó rio,
Unhas veces mais tarde, outras mais cedo,
Sempre se vay á ó mar. ¿Quéres señales?
Canto podo decir, por muy amigo,
Direicho á tí; ¿ó tempo? é muy antigo;
Aló; cando na terra os animales
Falaban; non te rias,

Nin me digas que moitos fan-o agora,
Porque falaban ben n' aqueles dias,
E cando falan oxe hasta á nay chora.
¿Lugar? á nosa terra; é non me pidas
Que mais che diga; busca os adiviños
Si mais quéres saber, é si te olvidas
Que inda fillos d' aqueles hay veciños.
¿Ves? xa dixen de máis; métesme en festas,
E, anque non son de medo,
E estou afeito á cabalgár nas bestas,
Si unha couce me dan con ela quedo.

Pois ben; habia n' aquel tempo xentes
De todas calidades, como agora;
Os sábios, os fidalgos, os podentes
Falában castellano; en mala hora
Esquencéran á fala dos abós,
Mais era un feito,
E, anque se sinta magoádo ó peito
Así nacendo ó deprendimos nos.

Crecéu ó castellano; á lengua nosa
Tan culta, noble, doce é cariñosa,
Perdendo foy as galas é colores
Como no crudo Inverno as pobres flores,
Que morren sin calor,
Aló, non mais, no corazon da aldea
Se falaba en gallego; os labradores,
E, consolando as queixas é doóres,
Platicando con éles ó señor.

Os calores do Vran pide no Inverno
Ó corpo, e po-l-o Vran cobiza ó frio,
Que este mundo hé un inferno
Donde cada home quer torce-l-o rio;
O que se ten se olvida, e cobizamos
Por mellor ó mais malo, sendo alléo,
E co esta espiña po-l-o mundo vamos
Bourando sempre, camiñando á réo.

Habiache un bon fato de ignorantes,
Que foran bos para carda-l-o liño,
Tal era seu camiño;
Mais, vendo que ó carbon fay diamantes,
Anque eran vidro da color do lodo
»Brillar queremos como ó sol,» dixeron,
»Grandes queremos ser, homes nombrados,»
Mais de facelo non hachaban modo.
Tristes andaban, secos é muchados,
Cando chegóu ó demo, douh' a o codo,
Seguiron detras del, todos calados,
E nun monte falóulles d' este modo:

»¡Ou grandísimos burros! si queredes
»Hincharvos como á ran, que ó mundo diga,
»Espantando de vos, canto sabedes,
»A cousa pouco val; val unha figa
»Con tal que me escoitedes.»
»Non teñàs duda, que anque séa ó demo
»Á as veces son amigo,

»E si vos fago ben c'o que vos digo
»Tanto mal fago á ó mundo, que non xemo,
»Que así dos meus deberes non desligo.»

«Estricáde muy ben todos á orella»
Eles, chéos de pasmo, á boca aberta,
Escoitaron; é manso como á ovella
Así cumpléu ó seu padriño á oferta:

»Non vos tento á escribir en castellano,
»Que non podês facelo;
»E inda co á miña axuda sey de certo,
»E sabedes que ó demo é muy desperto,
»Que vos habian de correr en pelo;
»Nin vosoutros podedes, nin eu quero,
»Mais hay camiño aberto;
»Como ninguén gallego fala agora
»Si non os labradores, xornaleiros,
»E toda á xente ruda, é non señora
»E eu castellano solo os cabaleiros
»E á xente sabidora;
»Falade vos na lengua que podedes,
»E, si floxos vos vedes,
»Irvos á as fontes, donde fan ruádas
»Sentadas nas caldeiras as criadas;
»Falar c' os arriéiros, é veredes
»Que axiña deprendédes
»Reboldos, e palique é patuxadas.

»Vexo que he certo, como vos falando

»Co esa verdá dos tempos mais primeiros,
»Que por ser boa estóuvos enseñando,
»Que van fuxir as cóuces, é inda cheiros;
»Mais eso pouco importa;
»Siquera val un pito,
»Flores hay no xardin, berzas na horta,
»E de xenios é gustos nada escrito;
»Como as xentes sabidas non entenden
»Á fala dos gallegos,
»Aló, que non pecades;
»Os que á falan na aldea non atenden
»Á pulidos, limpeza é vanidades,
»É con darlle un lixeiro coloriño,
»Vervos levita, vidros sobre os ollos,
»Como ó señor maestro de Valviño,
»Sin que moito quentede-l-os miollos
»Xa berrarán que sodes
»Os nobles campeons da vosa terra,
»Os grandes sábios, que Galicia encerra,
»Mais valentes que Herodes.

»Dirédes, ó primeiro;
»Que, amantes do Gallego, levantálo
»E pulilo queredes; devolverlle
»Ó pasado esplendor; que ó mundo enteiro
»Deprenda á respetálo;
»E con este consello verdadeiro
»Xa da glória quedades á cabalo.

»¡Ay! unha cousa grande me esquencia

»Si hay algun atrevido, que vos diga,
»Conocendo as grandezas d' outro dia,
»Que á fala do Rey sabio
»Á as vosas espresions non somellaba,
»Nin tiña porco labio
»Nin po-l-as fontes emporcada andaba,
»Non teñâs medo; levantáde á testa
»E decirlle berrando:
»*Jrande treidor,* uon veñas *fijurando*
»*Iso* non *fui jallejo,* é *lingua* mesta
»*Pro* á *yalma,* xuramos que era *yesta*».
»Decirlle que falades co *á lindura*
»Dos que ó gallego neto agora falan
»Aló nos campos, donde á lengua e pura,
»Decirlle que, *vesibre, bunitura,*
»*Yalma, fogo, empesaron, pátrea, hestoria,*
»*Gunisar, Imposibre, Las, mamoria*
»*Son vouces que esprendecen* dend' á altura;
»Que he certo, que, falando en castellano,
»Chámanse barbarismos
»*Probe, zordado, Jole, Zinapismos,*
»Mais en gallego hé outra á nay do ano
»Que anque as leyes é os feitos son os mismos
»¿Quén de zurzir se cóida n' este pano?
. . . . . .
»Fay falla ainda algunha axuda fora;
»Preguntade que he *mau Guttemberga*
»Que éu, anque son ó demo, d' esa xerga
»Non entendin ó xeito por agora;
»Eu conozo mans blancas..., negras...; zóa

»Como abellon na orella en min á idéa;
»Anque acertar non podo c' o que séa,
»Mais xa que ó dixo *Brás* he cousa bóa,
»¡Esa *máu* debe ser das mais pesadas!
»Aloumiñála ben, fillos queridos,
»Que, si á tedes amiga, á labazadas
»Ha de facer calar os atrevidos.
»Decirlle que *cochado* de *vilanza,*
»*Cheyo hastra* os *labros sinca drento queiba*
»*Tuda* á *pinzoña coma* un cribo ceiba
»*Pro* que as vosas *jrandezas* non alcanza;
»Que está *moy* ben xeitado q' o pai diga
»Triste chorando á morta rapariga
»Aquelo de *esbagullo,*
»E que si di tamén *dóime ó bandullo,*
»De doerse hé muy dono donde queira
»Si él sinte por alí, *que estomballado*
»Pode c' o doór sentir en calquer lado;
»Qué iguales dous inda n' os hay na feira
»Nin caras nin *espritos ¡Malpocado!*

. . . . . .

»Tamén compre á à verdá *remolcadeiro;*
»Sempre que á conto veña, ter cuidado
»Uns para outros de ter aparellado
»Para ó curutò un féixe de loureiro,
»Pois calquera que vexa un coroado
»Dos padriños non coida, é po-l-ó cheiro
»Non sempre se adiviña ó que hay tapado;
»Vosoutros rebulir; que hé cousa certa
»Qué, mentras fora non se vexa á orella,

»Do leon co á pelica ben cuberta,
»Calquera burra c' o leon somella.
. . . . . .
»Non vos importe nada canto falen,
»Verrade mais é mais hasta que calen;
»Sempre manda ó castron, que millor turra,
»Adiante sempre; non parês á burra
»E xa veredes si os consellos valen.
. . . . . .
»Adios, meus fillos, po-l-o mundo ide;
»Non vos darey señal pra que podades
»Conocervos mañán, si vos hachades
»Muy lonxe é unirvos á hermandade pide;
»Si tedes enemigo algun villano,
»Abonda por senal como falades
»E non facelo nunca en castellano,
»Adios; non olvidés unha palabra.»
. . . . . .
Dixo ó demo acabando;
Miróunos é estricou ó pé de cabra;
A á terra se abaixaron;
Chorosos un á un foron pasando
E ó pé entre bágoas sin falar bicaron,
Sonóu un trono; os montes resoáron;
En fume é polvo se desfixo todo,
Nin páxaros quedaron.
Solo quedóu un charco, é negro lodo.

III

Ahí tes á lenda, amigo;

Tí os conoces; tamén os conocia
A nunca ben chorada Rosalía,
E ó bon Curros; vosoutros os que tedes,
Co os mais, que por sabidos xa non digo,
No corazon á santa poesía,
Vosoutros, que sabedes
Ergue-l-a frente á donde nace ó dia!
¿Por qué calar, si os corazons feridos
Choran da pátria os males é doóres?
¿Por qué tapar traidores
Baixo ó manto dos bardos escondidos?
Arriba as frentes; os que as teñan puras,
Donde ó xénio aluméa,
Xa se verán do Pindo nas alturas.
Aquelas, que roxéa
Azoutando á vergonza, á terra mórdan
Entre zinzas é polvo, e si as recordan
A rentes do pecado á pena séa.
¡Afora carantoñas! Tén na terra
Cada home unha mision, fixo camiño;
As aigas colgan xunt' ó céo ó niño,
De noite ó móucho nos furados berra;
Non as aigas; os páxaros pequenos,
Os gorrions, que folgan entr' ó trigo,
Si po-l-o dia ó ven deixa-l-o abrigo,
En bandadas ó corren como nenos.
A eses móuchos das letras, que ó furado
Deixaron para mal da pátria nosa,
Que por arte do demo bochornosa
De emporcar canto tocan téñen fado,

2V

D' entre as xentes é á luz escorrentemos,
Calados volvan, de vergonza chéos,
A os seus furados,
É alí entre á negra oscuridá calados
Remordéndoll' ó peito, os santos céos
Ó castigo lles den dos seus pecados
. . . . . .
. . . . . .

Vánse á virar á min; sementey ventos
É collerey trebons é mais centellas.
Nin lles nego á defensa, nin afellas
Para loitar me fallan os alentos.
Chamarán ó padriño para axuda,
Mais eu conxurarey encantamentos
Poñendo á figa prâ que non acuda,
Teño as cordas na man; de frente quedo,
Si vengar á carraxe os magoados
En min quixeren, non lles teño medo;
Véñanse á min do demo os afillados,
Inda teño gardada á nay do año,
Si me estrico nos pés mais alto chego
¿Mais como van falar, si en castellano
Non saben, é inda menos en gallego?
. . . . . .
Soméllame que folgo; he mal de libro; (1)
Veña un hisopo, agua bendita, o crego.

La Coruña Agosto de 1885.

(1) Mal de libro; denomínase así en Galicia á toda especie de enfermedad, que el vulgo cree producida por maleficios, hechicerías ó el Diablo, y cuya curacion atribuye á los exorcismos, hisopo; y oraciones, que lee el cura.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

Erratas mas notables.

Página	7,	línea	8.ª	dice;	d'os,	debe leerse; dos
id.	10,	id.	18.ª	dice;	eu,	debe leerse; en
id.	12,	id.	9.ª	dice;	uon,	debe leerse; non
id.	14,	id.	14.ª	dice;	castellano	debe leerse; castellano.
id.	14,	id.	15.ª	dice;	olvides,	debe leerse; olvidés

M.472630

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA